

# DISPOSICIÓN PARA A OBTENCIÓN

## DO DIPLOMA DE ESTUDOS AVANZADOS (DEA)

O Diploma de Estudos Avanzados (DEA) é un certificado-diploma acreditativo dos estudos de doutoramento realizados, que garante e acredita a suficiencia investigadora e recoñece o traballo desenvolto polo estudante de doutoramento nunha determinada Área de Coñecemento.

Unha vez superados os períodos de docencia e de traballos de investigación tutelados, valoraranse os coñecementos adquiridos polo estudante de doutoramento nos diferentes cursos, seminarios e traballos de investigación tutelados, nunha exposición pública que se realizará ante un Tribunal único para cada Programa (R.D. 778/1998, artigo 6,2, e Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade da Coruña, artigo 14, 2).

Tras a experiencia acumulada coa implantación do Diploma de Estudos Avanzados (DEA) na Universidade, a Comisión de Doutoramento, na súa reunión do 6 de maio de 2002, acordou o seguinte para a obtención do DEA:

### I. PROCESO DE TRAMITACIÓN

**Artigo 1.** Os estudantes que poden concorrer á valoración serán os que teñan superado o período de investigación dos seus estudos de doutoramento.

**Artigo 2.** A solicitude para ser avaliados polo Tribunal presentarase no departamento responsable do Programa, en impreso de solicitude normalizado. ([ANEXO I](#))

**Artigo 3.** Xunto coa solicitude adxuntarase un *dossier* encadernado, de modo que se dispoña dunha copia para cada membro do Tribunal e outra para o seu depósito no departamento. O *dossier* constará dos seguintes elementos:

- a) o expediente académico de Terceiro Ciclo;
- b) un currículum vitae;
- c) un exemplar de cada un dos traballos que se realizaran no período de docencia; e
- d) un exemplar de cada un dos traballos de investigación tutelados realizados.

No impreso de solicitude indicarán, de acordo co titor, a Área á que desexan adscribir o DEA, e que deberá ser coherente coas tarefas desenvoltas nos períodos de docencia e de traballos de investigación tutelados.

**Artigo 4.** O Departamento responsable, unha vez coñecida a solicitude do estudante e o informe do titor, fará pública a lista dos estudantes inscritos para a valoración, indicando na mesma a súa adscrición a

unha Área de Coñecemento, a proposta do Consello de Departamento. A teor do artigo 3, esta adscrición deberá ser acorde, cualitativa e cuantitativamente, coa elección docente realizada polo estudante.

Nas propostas dos Programas de Doutoramento que presenten os departamentos especificaranse cales son as Áreas de Coñecemento polas que se pode obter o DEA. Para estes efectos, para que un Área poida proporcionar o DEA, ofrecerá alomenos 3 créditos fundamentais (tipo A) e 12 créditos de traballos de investigación tutelados (dos que o doutorando realizará un mínimo de 3 créditos de tipo A e 6 créditos de traballos de investigación tutelados).

**Artigo 5.** O departamento responsable remitirá á Sección de Terceiro Ciclo a lista de estudantes inscritos para a valoración do DEA, así como a súa Área de adscrición.

**Artigo 6.** O departamento responsable do Programa de Doutoramento remitirá aos membros do Tribunal a súa designación. De acordo co Tribunal -e dentro dos prazos que estableza anualmente a Comisión de Doutoramento da Universidade—, convocará públicamente aos estudantes que teñan que ser valorados, indicando o lugar, o día e a hora, así como calquera outra información que estime o Tribunal. A convocatoria do Tribunal deberá facerse en período lectivo e cunha antelación de quince días. A documentación para a valoración estará a disposición do Tribunal polo menos 48 horas antes do día e hora da realización da valoración.

**Artigo 7.** O titor do estudante de doutoramento emitirá un informe ([modelo ANEXO II](#)) sobre o labor realizado polo estudante durante os períodos de docencia e de traballos de investigación tutelados, que remitirá o Tribunal a través do departamento responsable do Programa. Dito informe estará en posesión do Tribunal no momento da actuación do mesmo, empregando o impreso normalizado. O departamento será responsable de obter dos titores os informes e de facelos chegar ao Tribunal, así como o resto da documentación de cada estudante.

## II. ACTUACIÓN DO TRIBUNAL

**Artigo 8.** Durante a actuación do Tribunal, cada un dos seus membros terá á súa disposición un exemplar do *dossier* descrito no artigo 3. Así mesmo, terá o informe do titor sobre a formación obtida nos cursos realizados no período de docencia e mediante os traballos de investigación tutelados.

**Artigo 9.** Para a valoración do DEA, o Tribunal deberá ter en conta varios aspectos:

- a) a exposición pública dos coñecementos adquiridos polo estudante nos distintos cursos do período de docencia e nos traballos de investigación tutelados;
- b) o *dossier* especificado no artigo 3; e
- c) o informe do titor.

A mencionada exposición pública, que poderá incluír os traballos que deran lugar a comunicacións ou publicacións científicas, non poderá ser inferior a 15 minutos. Na valoración final do Tribunal considerarase especialmente o relacionado coa Área de Coñecemento pola que se solicita o DEA.

**Artigo 10.** Os membros do Tribunal poderán formular, nun tempo máximo de 45 minutos, todas as cuestións e aclaracións que estimen pertinentes. Estas poderán facer referencia tanto aos temas expostos polo estudante de doutoramento como a outros coñecementos adquiridos nos cursos, seminarios e traballos de investigación tutelados, especialmente na Área de Coñecemento á que se vincule o DEA.

**Artigo 11.** Antes da valoración final, o Tribunal poderá pedir asesoramento a expertos das diferentes Áreas de Coñecemento.

**Artigo 12.** O Tribunal poderá decidir, mediante escrito razonado, a adscrición a unha Área de Coñecemento diferente á proposta inicialmente polo Consello de Departamento. Dito escrito farase público coa acta de cualificacións.

**Artigo 13.** O Tribunal valorará os coñecementos adquiridos polos estudantes e poderá calificalos como "sobresaliente", "notable", "aprobado", "suspenso" ou "non presentado". Se a proba é cualificada como "suspenso", o estudante poderá concurrir a unha segunda valoración.

**Artigo 14.** O Tribunal, unha vez finalizada a sesión, extenderá unha acta de que incluírá as cualificacións de todos os estudantes e a Área de Coñecemento na que obtiveran o DEA. Paralelamente, cando a cualificación sexa inferior á menor das notas obtidas polo estudante no Programa de Doutoramento reflexarase na correspondente acta da sesión do Tribunal, de modo que fará falta un informe razoado polo Tribunal, podendo haber —no seu caso— un voto particular dalgún membro. Este informe adxuntarase á acta da sesión e conservarase xunto co expediente no departamento.

A acta de cualificacións entregárase ao departamento responsable do Programa de Doutoramento, para a súa remisión á Sección de Terceiro Ciclo e para a súa exposición pública. Do *dossier* encadernado, que se menciona no artigo 3, conservarase un exemplar depositado no departamento correspondente.

**Artigo 15.** Quen non realice a avaliación do DEA ou non a supere no turno ordinario (xullo) poderá concurrir ao extraordinario (setembro). Quen non supere o turno extraordinario terá que solicitar de novo a realización da proba, iniciándose novamente o procedemento.

### III. TRAMITACIÓN DO DIPLOMA DE ESTUDOS AVANZADOS

**Artigo 16.** O departamento remitirá, no prazo de dous días, a acta de cualificación á Sección de Terceiro Ciclo, para a elaboración dos Diplomas de Estudos Avanzados, e informará aos estudantes dos resultados das probas mediante os procedementos de información e comunicación que estime oportunos.

**Artigo 17.** Os estudantes de doutoramento que obtiveran o DEA poderán retiralo no prazo e polo procedemento que se estableza.